

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 7 de decembro de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra, sobre o inicio do procedemento de deslindamento con predios particulares da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Suigrex, do concello de Moraña.

Unha vez obtido informe favorable á proposta de deslindamento con predios particulares presentada pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Suigrex, concello de Moraña, e de acordo co disposto no artigo 54.1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, sobre o procedemento de deslindamento de montes veciñais con propiedades particulares, acórdase sinalar para a exposición do plano e demais documentación do monte o lugar de Suigrex, nº 11, parroquia de Saiáns, concello de Moraña, Pontevedra.

Ábrese un prazo dun mes, a partir do día seguinte ao desta publicación, para que os que se conceptúen con dereito á propiedade do monte ou de parte del e os estremeiros que desexen comparecer presenten alegacións e os títulos que acrediten a propiedade no seguinte enderezo: lugar de Suigrex, nº 11, parroquia de Saiáns, concello de Moraña.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Pontevedra, 7 de decembro de 2021

Antonio Crespo Iglesias
Xefe territorial de Pontevedra

